

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA
DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO DÍA 06/09/2021**

No Salón de Plenos do Pazo Municipal de Ferrol, sendo as nove horas e seis minutos reuniuse en sesión ordinaria a Comisión Informativa de Participación Cidadá, en primeira convocatoria, baixo a presidencia de Ana Lamas Villar, coa asistencia dos seguintes membros:

PP	José Manuel Rey Varela Martina Aneiros Barros Javier Díaz Mosquera José Tomé López (en substitución de Ana Leira Hermida) María Elvira Miramontes Más
PSOE	Cristina Prados Rubio Eva Martínez Montero
FERROL EN COMÚN	Jorge Suárez Fernández
BNG	María do Mar López González

asistidos polo secretario da comisión Jorge Juan Pena Piñeiro, co obxecto de tratar os seguintes asuntos da orde do día:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
CORRESPONDENTE AO DÍA 21 DE XUÑO DE 2021.**

Apróbase por unanimidade.

**2. DAR CONTA DO ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS DO XXI CERTAME POESÍA E
IMAXE.**

A presidenta cédelle a palabra á concelleira Cristina Prados que informa ós membros da Comisión de que o pasado mes de maio os membros da Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística seleccionaron os traballos premiados.

Seleccionaronse un total de 26 traballos, dos que catro son de autoría colectiva e o resto son individuais.

O alumnado que participou pertence aos seguintes centros:

IES Concepción Arenal
IES Fernando Esquio
IES Saturnino Montojo
IES Carvalho Calero

IES Sofía Casanova
IES Catabois
IES Ferrol Vello
CPI Atios
CPR Ludy
CEIP Juan de Langara
CPR Belén
CEIP Pazos
CPR Compañía de María

Este ano a exposición será virtual, sen paneis ou cadros “físicos”, co fin de adaptala as limitacións impostas pola situación sanitaria e facilitar a súa divulgación nos centros de ensino.

Cada autor ou autora recibira unha reprodución en papel da súa obra, en tamaño A3, e un libro de agasallo.

Informa tamén aos membros da Comisión de que o acto de entrega de premios está previsto para o o sábado 2 de outubro de 2021 na capela do C.C. Torrente Ballester.

María do Mar López, preguntalle no caso dos traballos audiovisuais que se lles entrega?.

Cristina Prados respóstalle que neste caso se lles entrega unha reprodución en formato vídeo.

Martina Aneiros, pídelles a Concelleira que para vindeira edición o Certame recupere as datas de edicións anteriores e a entrega de premios sexa no mes de maio e non tan tarde.

María do Mar López, manifestase no mesmo sentido de recuperar as datas de edicións anteriores, pois, como xa dixo noutra Comisión, o alumnado abandona os institutos para incorporarse a Universidade o que dificulta que poida localizarse e acudir á entrega de premios.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

A presidenta toma a palabra para informar aos membros da Comisión dos seguintes asuntos:

- Con respecto ás Bases das subvencións a entidades veciñais do ano 2021 a intención e traelas a ditaminar a vindeira reunión da Comisión informativa, toda vez que non foi posible levalas ao Pleno do mes de agosto que era a previsión que se manexaba inicialmente.

- Informa tamén que se está a traballar para por en marcha unha Escola de Participación Cidadá ou un espazo similar, en resposta a unha achega dende o grupo municipal de Ferrol en Común. A intención e potenciar a formación en todo o relativo ao uso de novas tecnoloxías nas relacións coa Administración. A idea inicial e impartir formación en materia de:

- Facilitar os trámites electrónicos coa Administración.
- Plataformas dixitais de comunicación.
- Manexo de smartphone

A presidenta indícalles aos membros da Comisión que poden facer achegas sobre actividades que consideren que pode ser interesante impartir dentro deste espazo de formación

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levantou a sesión ás nove horas e doce minutos, de todo o que, como secretario, dou fe.

Visto e prace
A presidenta

O secretario

Asdo.: Ana Lamas Villar

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro